Manuel Rodríguez
Hortal 54
Barcelona 6

Barcelona 3/7/75

Sr. D. Anxel Fole
Lugo.

Moi apreciado Dr. Anxel:

O xoves recibín noticia de Paradela da publicación do meu conto "O Avelino de Randulfe" que seica tivo moita acetación naquela bisbarra. Non recibín "El Progreso", pro conseguín o recorte de dito artigo por mediación do Xesús González, bon amigo meu e colaborador asiduo tamén de Taboa Redonda. Graciñas por telo publicado. Eiquí entre os meus conterraneos, foi tamén moi comentado con satisfación.

Hoxe mándolle un dos meus escritos, perante as vacacións, sobor dun viaxe a Oseira. Traballeino moito e refíxeno algo e coido que pode ser de interés. Se o publica xa me enviará "El Progreso". Gracias.

A miña familia sai pra Lugo o 14 e a fins de mes irei eu. Xa teño ganas de poder saudalo persoalmente e pasar agradables horas de conversa con Vde.

Reciba unha aperta cordial do s.s.s.